

XV Festival da Poesia no Condado

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

XV Festival da Poesía no Condado (2013 [1995]). Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Desportiva Condado. Reedición en *poesiagalega.org. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/2561>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal


XV Festival da Poesía no Condado (1995). Salvaterra de Minho: Sociedade Cultural e Desportiva Condado.

* Edición dispoñible desde o 21 de marzo de 2013 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.


© O copyright dos documentos publicados en *poesiagalega.org* pertence aos seus autores e/ou editores orixinais.

S.C.D.CONDADO

XV FESTIVAL DA POESIA NO CONDADO - SALVATERRA DE MINHO - SETEMBRO 1995



**SALVATERRA DE MINHO
SETEMBRO 1995**



EDIÇOM: Sociedade Cultural e Desportiva Condado

COORDENAÇOM: S.C.D.Condado

MAQUETAÇOM: S.C.D.Condado

FOTO PORTADA: Ernesto Murillo

PROMOVE: Deputaçom Provincial de Ponte-Vedra

COLABORAM: Concelho de Salvaterra de Minho e Concelho de Tui

IMPRIME: Imprenta Deputaçom Provincial

D. LEGAL: PO - 336 - 95



VII FESTIVAL DA POESIA NO CONDADO

Limir

MINHO
95

Algunhas reflexions sobre a lingua

por María Xosé Queizán

Non falarei da "nosa" lingua nin do "amor" que lle temos ou debemos ter. Ese "nosa" leva implícito o reduccionismo. A lingua, abonda. Canto ao "amor" é unha palabra inadecuada. A lingua hai que respetala, valorala e usala. Unha proba do que digo: o presidente de Galiza di "a nosa amada lingua" ou "a nosa querida terra" ou "Galicia, nai e señora". Detrás desas expresións vese o paternalismo e unha Galiza feminizada. "Aquí, mi señora" ¡Coitada! Porén, sería ridículo escoitar ao presidente do Estado dicir: "nuestra amada lengua" ou "querida tierra madre". Di español e España. Non necesita recorrer a adxectivos compensatorios. Cando nos digamos Galiza e lingua estaremos no camiño da normalización.

Tampouco vou falar da teima de empregar o galego e facelo con orgullo porque xa é un discurso gastado. (Eu mesma teño contribuído ao desgaste). Non quero dicir con isto que non sexan importantes as accións individuais. Todo comportamento modifica o ambiente e actúa no curso da evolución. E a persoal gratificación ética tamén é importante. Si.

Pero, no mundo actual dos medios de comunicación e da masificación, son precisas accións políticas que promovan a utilidade do galego, a necesidade do mesmo para todas as funcións sociais. As preferencias marcan o camiño da evolución: o proxecto. Cando digo acción política, non me refiro únicamente ás institucións, senón á presión social que debe orientalas. (Un pobo que non deixe de lamentarse do comportamento dos gobernantes, que leva a cabo unha política de queixas, é un pobo infantilizado. Máis ainda se os vota).

En fin, o galego pervivirá se é necesario. Esta necesidade é a que compre procurar, a liña a seguir.

En relación coa utilidade, considero que o galego debe ser a primeira lingua do país e a segunda o inglés.


O galego como a lingua que estructura o noso pensamento e define esta cultura. Tanto é así que o castelán que se fala na Galiza é basicamente sintaxe fonética galega con algunas palabras españolas adubando o estrafalario conxunto. A maioría dos proxenitores, marcados polo autooidio e a ignorancia, ensi-

nan á descendencia ese híbrido lingüístico empobrecido, en lugar da lingua que coñecen, vizosa e fluída nos correspondentes contextos culturais. "Y luégo?" "Luégo no te me comen nada, andan a emigrar y no lo dan hecho".

O galego, pois, como lingua para pensar, crear, sentir, comunicármonos, querer, rir. Para ser no mundo. En segundo lugar o inglés, a lingua mundial nesta época que nos permite o acceso ao saber, ás autopistas da información, á aldea global. Sen esquecer que o Terceiro Mundo tamén fala inglés. En terceiro lugar, o español, a lingua franca que serve para comunicarse cos pobos da Península e da América Hispana.

E referíndome á utilidade, considero que a normativa ortográfica imposta foi un dos golpes colonialistas más fortes dos últimos tempos. Tratar de aillar ao galego como idioma, actualmente, é condenalo á extinción. Unido ao tronco lingüístico portugués conseguiría a pervivencia. Tería valor cultural e económico. Representación no foro europeo, americano e africano. A literatura galega figuraría nas bibliotecas e librerías de moitos países e o alumnado galego non se enfrentaría a unha lingua minoritaria e tería acceso fácil a unha enorme e variada cultura. Todo iso perdido por unha cretina e miópe independencia. Porque pensar que utilizando a ortografía portuguesa ía perderse a lingua é como crer que o portugués, o mozambiqueño, o baiano, son o mesmo. Os andaluces e sudamericanos escriben, desde hai séculos, sonidos que non saben pronunciar. A ortografía non modificou os seus hábitos lingüísticos. Ademais, a evolución do galego decidiranna as/os falantes.

A lingua non se pode considerar como un sistema estable de invariantes, senón como un proceso xenerativo. Neste sentido, as mulleres galegas temos que levar a cabo unha análise crítica na lingua para constatar que estamos ausentes, como suxeitas, nela e promover todos os cambios necesarios que nos permita a identidade persoal. A presencia do xénero feminino na lingua é tan necesaria como en calquera outro aspecto da realidade.



FESTIVAL DA POESIA NO CONDADO

Galiza

SANTO

MINHO

95

Marta Dacosta

Naceu en Vigo, en 1966. Na actualidade vive en Compostela donde exerce como docente de Ensino Medio.

Publicou en diferentes revistas e xornais e participou nas publicacións colectivas: *Intifada, oferenda dos poetas galegos a Palestina* e *8 e medio* de Edicións do Dragón. No ano 86 acadou o Iº Premio de poesía xuvenil do Xornal A Peneira, no ano 92 o III Premio de poesía Rosalia de Castro de Cornellá, no ano 1993 premio do certame de poesía convocado pola Asociación Cultural O Grelo e accesit no II certame de poesía Fermín Bouza Brey e en 1995 Premio de poesía Miguel González Garcés polo poemario *Pel de ameixa*. En 1994 aparece o seu primeiro libro *Crear o mar en Compostela* foi Iº Premio Da A.C. O Grelo.



Aveiro, Canal Central, 1993.

*"pero, mira, xa que falo
en que lingua vou falar"*

A. Reixa, Viva Galicia beibe, 1994

1.-

*Os anos non pasaron
e aínda segues morrendo, pouco e pouco,
na ignorancia dos dóciles mandados.
Aínda o medo te silencia,
nesas bocas.*

*E aquí
co verso, a bágoa, o berro, o fel, a dor
(que a ti te abrasa) berro
en ti, lingua
do avó que a deixou logo
ante o patrón, a filla, os netos,
o futuro,
lingua
do meu avó raián que a puliu lento,
coma os dedos que pulían o granito,
aquecas pedras, baixo chumbo,
baixo chumbo vermello e amarelo.*

*Porque os anos non pasaron realmente
e aínda segues morrendo, pouco e pouco,
na ignorancia dos dóciles mandados.*

2.-

*Eran peixes de area os que xurdían
nun xoño de Venecias portuguesas.*

*No cabo da barra de area, os moliceiros
non sabían dos límites das augas.
Unha presada de sal varría o rostro
dun mar a outro sobre de bois tenros.
Tirando a prata do mar, mina de escamas,
mans de corda loitaban baixo xugos,
mulleres descalzas sobre as redes.*

3.-


*Hai un tempo difícil en que estamos loitando
cada quen en batalla diferente e precisa,
mais en cada centímetro de terra que pisamos
hai un tempo difícil, unha morte, unha guerra.
E se for catavento a sinalar un punto
en que a paz fose illa neste mar de tolemia,
xiraría por sempre sen atopar acougo
neste tempo difícil en que reina a miseria.*

Francisco Souto

Nado en Coruña, no ano 1962. É colaborador de diversas revistas como *Ólisvos*, *O Mono da Tinta*, *Luzes de Galicia*, *Albadabranca* ou *Agalia*, así como do semanario *a Nosa Terra*. Nas edicións do *Dragón*, das que é coeditor, publica con Francisco Alonso e Miro Villar o cartón *A rota dos baleeiros* (1991) e con Adriana Castro *Dous Bocetos* (1994).

No ano 1994 receive o prémio *Espiral Maior* de Poesía polo poemario *As árvores do incesto* (*Espiral Maior*, 1995). Nos cadernos da Escola Dramática Galega publica a peza *Amar non ten laranxas* (1994) e en *Agalia Alugueros* (1994).

Actualmente está a coordinar unha serie de recitais organizados por Edicións do Dragón e o Pub Tarasca en Compostela.



Gravado de Reyes de Domingo

*O Coitelo afundido na língua
e os tifóns celebrando o etnocidio*

Francisco Souto, Os árvores do incesto

Francisco Souto

*...O inverno
era un home grosso conducindo un trailer
de vinte tons cargado de amosal...*

*Flor no Deserto
Ramón Caride Ogando*

*Escribiamos
unha e outra vez
no areal deserto
a secuencia inédita da pátria
pe
a con til
te
erre
i
a*

*Tirabamos a pedra
e agachavámos a man
ensangrentada sempre da inocéncia*

*Construímos
de amor e aciñeiras
as nauas da victória*

Na fuxida a nau nunca tiña leme

Francisco Souto


Pátria

*Coa dor dos séculos escuros
Co desexo nos límites do abismo
Co pudor do amante no incesto
Coa traizón da chuva sobre as rochas
Co camiño inédito e o medo
Coa inquietude dos meus brazos visionários*

Negar-te é o meu fado

Naceu en Lalín. Na actualidade traballa como corresponsal de Faro de Vigo. Ten a sua obra publicada en diversas revistas, xornais e na Carpeta Poética 8 e Médio de Edicións do Dragón. O seu único libro publicado: Flor de Tan Mal Xardín (Espiral Maior, 1994).

Isolda Santiago



Debuxo de Iñaki Vilariño

*Imos deixando atrás
un pobo que xa non nos entende*

E. Blanco Amor

Autopoética

*Curro-corredoira-eira
Espigas a escachar predín fartura
Bosta para pecha-lo forno
A avoa predí o meu destiño polo xeito no que fende a bosta seca
O Pedregal clausura o hourizonte
O bruar do Faro predí brétema
As pernas espiñadas
Xosé que lambe o sangue
Xosé predí o tempo
no voo da cascarutiña rubia
Xosé que non me quere e eu que non son rapaz
áinda que me trasquile o pelo
áinda que trepe ó bico dos piñeiros
áinda que saiba pillar troitas coas mans baixo das
pedras*

1.-

NA POUSADA grande:
 orxías, uvas dos Césares, cesáreas
 fillos profilácticos preservados de tristura
 comisionados
 Brillantes adoquínas nas casas de labranza

As mentes dos rapaces zafran xoias
 As bocas dos rapaces coróanse de empastes
 O emperador ordena: non máis bágoas
 nin outro pranto de vella coa lúa cenital
 na encrucillada
 A vella que esconxura polo baixo
 no rosario sen doas
 pola filla sen home
 pola filla santa
 pola filla encinta

Xa non máis torrezimos a frixir nas luces públicas
 Non máis cravuñar gadañas
 nin bragas enxugando na solaina
 Non máis arcadias
 A praza é nova, a aldea medra
 os nenos memorizan leccións de urbanidade
 memorizan cidades invisibles
 cóbregas amazónicas reptando
 pola lama

Os ídolos enxebres practican sendeirismo
 xogan ó golf nas vulvas das "mamaies"
 Os novos ídolos teñen nomes santos

Os mascaróns de proa chámansen coma sempre
 Os estibadores cárganos-descárganos
 Os estibadores chámansen o inchamable

2.-

Santas transparentes dormen transfiguradas
 soñan noivos loiros que lles entren nas celas
 que comparten os ranchos

O noivo terá un rancho do oeste con bucólicos cabalos
 e bois sen xugo
 - aló non se os marca, nin se os capa, nin sequera son bois -
 As santas soñan ranchos todas transportadas

O comisionado ten carteira de pel
 de cóbrega de auga
 O comisionado podería ser un xeque se tivese mulleres:
 unha por cada noite
 unha que morrese cada noite
 O comisionado tamén sería un boi se vivise nun rancho


O emperador é un césar é un comisionado - ídolo - boi - santo
 ainda podería ser un deus
 por consagrarse

As santas daban leite, non facían miracres
 acollidas a un plan de abandono
 as santas esmorecen
 menopáusicas

A yarará reptá nas corredoiras
 asfaltadas
 A yarará cuspe un veneno
 extraño

Rafa Vilhar

Naceu en Cee-Corunha, no ano 1968. Licenciado em Filología Galego-Portuguesa. Colabora na carpeta de poesía *Ao mar adentro*, poemario colectivo de trinta autores galegos e na revista *Olisbos, os amantes da palabra*. Foi distinguido com os prémios Minerva do concelho de Culheredo para autores de menos de 18 anos. Foi segundo no certame de Poesía Rosalía de Castro. Tem publicados os livros: *Liques da memoria*, Iº Prémio Bouza Brey para Poetas Noveis. *O devalo do mar* (1994) e *A sotavento dunha singradura* (1995) e em este mesmo ano a carpeta de poesía *No mesmo espacío*.



Fotografía de Robert Bass

*"Sulagaremos as illas
onde te queren gardar.
Derrubaremos os museos
que están a construir
para ti."*

Lois Diéguez

1.-

*Os que dim amar
amem nesta língua de nosso
que obtivemos do vento da serra,
do bruar do oceano,
de tantas luas de mestiçagem.*

*Nela amecemos os sortilégios da tribo,
como queimando nuves negras,
como concebendo outras marés,
como procurando o velho cálice.*

*Os que dim amar
e amam nesta língua de nosso
vam bêbedos para o fim da primavera,
de tantas palavras bêbedos,
e ritmos, e cadências,
que enchouparam os corações
mais próximos.*

*Provocam, invocam, convocam
rios de fala viva e intensa
que descrevem um novo curso na história,
para que os que dim amar
amem nesta língua de nosso
sempre latejante.*

2.-

Ainda que
manhá o que quede de hoje
seja a tenacidade do intento,

ainda que
manhá outra batalha maldiga a que vivemos,

ainda que
manhá eu deixe de escrever,

sei que
nem acabará nesta riveira
a primavera.

Porque
o mar aguarda.

3.-

Sempre soubem
que optava por outros rios
e que nem estava só,

que havia jardins
em que a chuva
era um mistério
que nem cessava,

que uma única estrela
nem fai o firmamento.


E por todo,
nem devolvim nem um anaco
da minha estatura
às águas.

Maria Xesús Pato

Naceu na cidade de Ourense. Poemas da sua autoría viron a luz nas revistas: *Escrita*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Andaina e Gume*, e mostras da sua obra poética figuran nos libros colectivos *Palabras de Muller* (1992), *Sete Poetas Ourensans* (1992) e *Poesia dos Alens* (1993), estes dous últimos editados polo grupo ourensán Dolmen.

No ano 1992, xunto a outras sete mulleres, publica en Edicións do Dragón a carpeta poética *8 e medio*. Desde o ano 1992 colabora coa *Festa da Poesia no Condado*.

Obra poética: *Urânia* (1991), *Heloísa* (1994) e *Fascinio* (no prelo).



Silvia Diaz de la Rúa

Silvia Diaz de la Rúa. Na memoria

*o povo, esa memoria que alguén nos arrebata,
está bebendo a grolos no monte da Caeira
o lume da lembranza*

Aviles de Taramancos, no cincuentenario da morte de Alexandre Bóveda

Arsénico

agora que todos os poetas do mundo lle caeran enriba

*iso
que ese encontro
sucedería*

sempre que esteas disposta a encarnarte nos teus antepasadas

- evoluirá o galego cara unha nova lingua pidgin?*
- deberíamos tentar a escrita dunha poesía vernácula urbana?*

*que iso
ler a Paul Claudel
ela
non podería facelo*

en absoluto

*e os anxos
para morrer
bican as miñas maos*

*que a eternidade non che suplicase:
beber o sangue dos animais recén sacrificados
ou cando menos unha venda para os ollos*

*pero ela pasará toda a súa vida entre escorpións:
a Casa non era de labranza*

*LISA
verdadeira emperatriz dos Comunais*

..../....

..../....

e aos Comunais íamos

a Limia é unha terra solar

a Limia é plana

tan plana como as palmas das vosas maos

así é que ela pasou toda a súa vida arrodeada de escorpións

- evoluirá a nosa lingua nacional cara un novo idioma pidgin?

- deberíamos tentar unha nova arte turística rural
para-turística rural?

- unha novidosa poesía vernácula-urbana?

esa imaxe que recordo
o meu rostro no azougue
no espello dun antigo escritorio
ese rostro que se imprime no espello
mesmo nun sudario santo
e no que recoñezo o tormento dunha época anterior
e que con tanta claridade
na súa ruína
distingo

así coma nun tempo anterior
nos desfixémos da inmortalidade dos deuses por inservíbel
nos desfacemos hoxe da eternidade dese rostro
contemplamos a ruína da palabra

..../....

..../....

que coma nunha arquiña
garda a porta de castaño dese boureau
no interior dunha herданza
a herданza dun tempo anterior
en vida

posterior á evanescencia
o poema testemuña a destrucción

e brotan nel friuras

escombros da comunicación

facémonos próximos
tan próximas

" ... en calquera caso ao servizo da modificación da realidade
e non da súa descripción "

na Memoria da nosa memoria poética

na memoria


Alauda negra

Paxaro de anís.

Xosé Vázquez Pintor

Nacemento e primeira xuventude nas terras do interior de Galiza (Melide, a Golada).

Na actualidade exerce de profesor en Cangas de Morrazo. Poesía e teatro son os seus munidos de diario. Da sua obra poética destacamos: *Gándaras, Terra e pan, O espertar tamén é noso, Ofidios de diario, Na vertical da noite, No corazón mancado e Rotación violeta..*



*Non teño outras palabras que estos versos.
E o labor de cada día.*

X. Vázquez Pintor

1.-

Lingua:

Ámote así, na boca, como se ama
a moza no limiar do coito, porque
sabes a esencia e patrimonio, porque
es nosa e miña a un tempo cando vou
na soledade do xardín e teño
espacio para estar, contra o designio,
nese cáliz da rosa permanente
que ti es, desde o mais antigo sol
que chama na mañá polos insectos.

2.-


DEBÉDESME ese minuto enteiro de silencio para escoitar que falo de miñ comigo e sempre nesta voz que me naceu garrida antes do amor. A voz que nos serve como orgullo e por testigo cando paso pola sombra innúmera da vida ou mesmo no canto da desora previo ao ensoño que se afínca no rostro por tanto ser feliz.

Chámome María Xesús Nogueira, e nacín onde o Ulla corre manso, nun lugar que chaman Berres, concello da Estrada no verán de 1968.

Por veces escribo poemas, arríncome pouco a pouco as palabras, e vou tapando con elas os furacos para que non entre o frío. Outras, son elas, as palabras, as que veñen soas e me sorprenden. Mesmo hai días, os mais, nos que eu mesma preciso buscar un abrigo á calor das palabras dos outros.

Gustáronme sempre as mans. Con elas puiden apalpar o mundo, saber do frío, da auga e da calor. Con elas puiden saber das caricias e debuxar sombras...

Polo demais, a miña vida son recordos apegados un a outro.. Unha infancia á beira dun río, os pasos da xente sobre a rúa mollada..



Hai, tamén, nalgúnha folla escrita
unha promesa de incesante chegada

"Hai, tamén, nalgúnha folla escrita,
unha promesa de incesante chegada"

Maria Xesús Nogueira

Maria Xesús Nogueira

Carta desde a noite

Ola.

*Por veces escribo poemas,
xa sabes,
falo dese anaco de min
que non son eu,
dese retallo de pel
que queda,
por veces,
na sombra.*

*Por veces,
busco tamén outros nomes
para agasallar,
con eles,
o meu poema.*

*E ti,
fálasme de pasos mollados,
e soñas, tamén, posuír
algún día o corazón dunha praza.*

*E eu,
que non teño máis nomes,
nin sei escoitar o latido das pedras,
escribo poemas,
na sombra.*

Maria Xesús Nogueira

As mans túas

Ás veces recibo triste
á noite que me agarda,
e bebo ausencias
no sitio de estrelas,
e encho follas con palabras.

Ás veces volvo a mim
lentamente,
e en mim vai callando
a friaxe
da noite.

Ás veces alégrame saber
que alguén agarда,
quizais nalgún recanto das horas solitarias.

Saber que unhas mans
van apalpar, por dentro,
as miñas palabras.

Francisco Alonso

Naceu na cidade de Vigo, en 1963. Editor e xornalista, é autor, como narrador, da novela *Trailer* (Premio Blanco Amor 1991), o libro *A lúa no provador* (1992) e o conxunto de relatos *Cemiterio de elefantes* (Xerais, 1994).

Como poeta participou na carpeta colectiva *A rota dos Baleeiros* de Edicións do Dragón, co conxunto de poemas *Cada tres meses e un día*, publicou o libro *Persianas, pedramol e outros nervios* (Ed. Alacrán, 1992) e ten para sair o seu volume inédito *Tortillas para os obreiros*. E coeditor das carpetas de poesía de Edicións do Dragón. Tamén é coautor da tradución ó galego do *Polgariño* de Charles Perrault.



Lingua de esparto, barricada de futuro

Francisco Alonso

1.-

*Leo un libro que fala do amor en contexto diglósico.
Ese é, de certo, o noso problema.
Non sei quen é o autor.
Se cadra é anónimo
porque estas cousas non convén airealas.
Pero parece que foi escrito para nós.
Os dous, amor, falamos lingua diferentes
que se contaminan ó estaren en contacto.
Mais, a nós, é o barbarismo, o neoloxismo o que nos salva.*

2.-

Da sístole á diástole,
hai soros, veas, osixeno, sangue, algunha transfusión,
figados de cartón con sondas que furan a pel.
Condición de morte, rebumbio de enfermeiras
das mil mareas que tódolos días me electrocutan vida,
en proporcións abondas para eu subsistir
nas camas acáricas deste hospital.
Hai ventás, alturas, vértigos tentadores e unha ría ó fondo
comida pola urbe que xa a penas vexo.
Transcorre o día entre dores, o cheiro do serrín,
suicidios interiores de enfermidade febril.
As noites, contracción de insomnio e dores de cabeza,
o pensamento en prelavado,
e unha cousa hepática, ou renal ou pulmonar
que confabula en mí e acompañante,
e os médicos decretan insuficiencia respiratoria.
Como, engulo, devoro asepticamente os alimentos que
cada vez más me tenden a man cara á morte.
Tuso entre estertores e penso tortillas de bogóns
que me facía a mamai cando o meu corpo vivía.
Dificilmente combato unha palidez loura que me devora
nesas interminables mañás de termómetros e esperas.
Consciente vou sendo da miña condición de becho, sebo ou besbello
dese anzol azul ó que chaman morte e que me vai preparando
os tendóns para que saibam da hora da derrota.
En todo hai un aquel de neurolóxico, incerta ansiedade,
corrupción de mente devastada. Pero en cada parte médico,
en cada veredicto sanitario, encada principal efecto secundario
vive un anuncio de estrume, de ecuadores e vértices,
que presaxian a fin de tanto boleardo, de rosquillas e silleiros.
E na vixilia dos que me coidan, eles todos, na súa propia,

..../....

..../....

hai algo de arrepío inesperado, de terca morbosidade,
de loucura instintiva da desesperación.
Son os síntomas dunha longa gónica agonía,
os pinchazos secos na arteria vencida.
Por más que maldigo os soros que pouco e pouco
me van enchendo o corpo de viruta.
Por más que me revelo contra o sangue que se me inchá e seca
ata estoúparme nas cuncas dos ollos e no incendio da fronte.
Por más que rexeito sístoles, vixilias e medicación
que me alteran o ritmo nervioso e a respiración.
Por más que o suor se apodera tamén das sabas, das paredes, e
mesmo dos estertores do pobre manuel,
pobre manuel, que delira na cama contigua.
Por más que fillos, compañeiros e a miña propia figura
me miran cos ollos sondados de impotencia.
Por más que escoite os ecos -patéticos- do televisor
procedentes da 708, e da 713, e da 701
e de calquera habitación e
por más que todos teimen en que non estou só.
Por más que as lembranzas sexan más doces ca nunca
e tente inutilmente para a boca atraer a morneza
das bragadas, do sangue e das filloas,
figadeira que noutrora me deu felicidade.
Por más que o queira.
E mesmo sen querelo, porque xa non hai esparto que faga barricada.
Sinto como a morte respira debaixo da cama,
e rube polas sabas, e me ronda os ollos,
e quere espertarme entre tusidos e ruptura do ritmo cardíaco.
Sinto como me golpea as tempas, como me penetra as vísceras,
como fai metástase, como envenena o soro, como alenta sobre mí,
fetidamente, como me destroza o fígado, como me vence,
tan fatalmente, tan inevitablemente, talmente
unha espiral de pedramol, bile de alacrán, cascudas esmagadas
para sempre.
Para sempre, quer dicir nunca,
que aquí remata todo.

Carmen Lobón

Xunto com Pizarro cubrinme de sangue
as mans.

Criei porcos, comin landras,
fun para as Américas e perdín a conquista.
Olvideime da patria
polo ouro de um Potosí inalcanzáble.

Escacheime nas pedras do Perú
desgarrando o ceo querendo ser Deus.

con el,
fundinme na placenta fermosa do inferno.



*Eu fáloa porque sí, porque me gusta
e quero estar cos meus, coa xente miña,
perto dos homes bos que sofren longo
unha historia contada noutra lingua.*

Celso Emilio Ferreiro

1.-

*É conveniente levar as contas do futuro
e mergullarse no orballo da rosas.*

*É conveniente reter os beizos noutros beizos
e desexa-la túa ollada mudando de pluma.
Mante-lo lume na pel da poesia
e dar coas chaves das portas da memoria.*

*É conveniente sentir a patria no interior
da infancia.*

É conveniente. Indispensáble.

2.-

*Sei que levas
unha rosa vermella ós ollos do falcón
e arrancaslle a sombra ás portas do lume
mascando as sete follas do loureiro.*

*Fas carne, cónstame, para crea-lo Verbo
- cos ósos do galo no peito -
aleitando os cimborios da vixilia.*


*Seino sen dúbidas
que baixa a bebe-lo sol na túa copa,
que namoras á lúa
nun setembro esgazado en verbena.*

*Que curzas a Tagen Ata,
áinda nos lombos alzados das brétemas
erguento entre as pálpebras,
palabra en estrela.
- i Dou fé ! -*

Nacido na Vila de Noia (1970), Martín Veiga gosta de perseguir quimeras nos territorios fronteirizos da infancia e de fuxir placidamente entre as luces e as sombras do pasado.

Namorado das viaxes, procura nelas os restos dun tempo xa perdido para despois levar ao poema. Mais a viaxe interior é a más amada, e ante as Ruínas do Carmo tan só hai lugar para o silencio ou unha palabra luminosa.

*Entre os seus dedos penduran áinda *Tempo van de porcelana* (1990) e *As últimas ruínas* (1994). E sen embargo, e sen embargo, espera ignorar por sempre onde se oculta o misterio da Poesía, que chega silenciosa e deixa pousado un ronsel de versos para vencer o olvido.*



"Pero áinda que non se queira, ríese en galego, sóñase en galego. Os paporrubios e oureolos, os regatos cantareiros, o ceo azul de San Xohán coas nubiñas dos foguetes, os cumeiros ispidos, as azas do miñato, os ollos tranquíos do boi, os rinxicidos das táboas do faiado, os carreiros misteriosos que se van perder na fraga, a mar dourada de xullo, falan galego."

E. Moreiras

Dove sta memoria

*Nin unha cerva ferida nas lagoas
nin un verso de Dino Campana,
nada pode facer que nas estancias máis amadas
todo fique en árido silencio.
Nin unha palabra que rodea
un verso, nin unha noite
a rematar un estío luminoso,
traendo a min un tempo xa perdido
onde todo recomeza, un mar
interior, infinito, un verso
onde todo recomeza, o xardín extraño
da infancia.*

*Hoxe nada importa senón a calidade dos afectos,
a brisa detida no paseo con cipreses, o pasado.
Dove sta memoria. Onde a memoria habita,
onde aínda permanezo.*

**IO ZAGREUS!
IO ZAGREUS!**

*Olla os pétales sobre a vella fonte de pedra,
o arrecendo ocre derramándose no estanque.*

Vielas de Alfama

para o Capela, in memoriam

Que imaxes retornan, que momentos xa vividos,
os xardíns, os patios interiores, a quietude
a mediatarde, os corpos desgastados dos anciáns,
os xogos das crianzas entre as derruídas pedras
do castelo, o misterio das noites en lugares
con fotografías nas paredes, os rostros olvidados,
unha voz esvaecéndose entre as sombras
nas que aprendín a ollar os cálidos semblantes,
e así transcorreu aquel estío, así a miña vida,

tristemente contemplando as vellas barcas
varadas nas areas, con gaivotas detidas sob os remos
e algas nas cordaxes, salitre na madeira
como no meu corazón, e así transcorreu a miña vida,
o estío rumoroso que en min arderá sempre
deixando nos labios un estranxo sabor a olvido,
a momentos xa vividos, a tempo lentamente procurado.
E todo é percibido a través dun espesor de tempo
como o susurro do vento entre os cipreses,
as augas salpicando o mármore no fermoso
Cais da Colunas, onde descubrín a luz
por vez primeira, e todo semella tan lonxe,
o luminoso verán, as voces entre as hedras,
as rúas sinuosas, o areal
polo que nunca paseamos, as ruínas...

Imaxes que retornan, un destino tráxico, cousas
do voso pasado, os cantos desgarrando a vida,
un mundo (a fadistagem, Lisboa) pechado en si mesmo,
sen embargo tan propicio á entrega, a certas noites
nas salas más escuras, aos ollos brillantes como ríos,
o arrecendo doce das velas acendidas, con cera
pausadamente esvarando polas copas, un pálido silencio

..../....

..../....

ritual, un mundo no que me sentía embriagado
e que agora recupero, como se a propia memoria
se abrise paso a través dos veos do tempo, negando
a facilidade para esquecer os becos empedrados,
os arcos nas rúas estreitas, as sombras
que me envolvían no medrar enigmático do fado,
música que mesmo perece no seu desexo por nacer
e afirmar o desconsolo que penetra as noites
de Lisboa, onde fican como restos de naufraxio
os membros abatidos, os ollos esquivos como a brisa
pousados na cidade pavorosamente recobrada, para sempre,
pois permanece en min o ouro dos tranvías, o pálido
silencio ritual dos altos templos, un aroma de dalias,
todo o meu pasado diante da mirada, os navíos na ribeira,
o aparello débil e a lona podrecida entre un xuño
e outro setembro, o tordo cantando na néboa,
que imaxes retornan, que fragmentos,
o meu sangue.

Margarita Ledo

Viu ao mundo en Castro de Rei - Lugo, en 1951. Foi profesora de Comunicació Audiovisual na Universidade Autónoma de Barcelona e dirixiu durante un tempo o xornal A Nosa Terra; na actualidade vive en Compostela donde exerce como Decana da Facultade de Ciencias da Información, pertence ao grupo de mulleres editoras da Festa da Palabra Silenciada e da revista literaria a Trave de Ouro. Dentro de súa obra salientamos: Parolar cum eu, cun intre, cun inseuto; O corvo érgue-se cedo; Mamá-Fé; Trasalba ou Violeta e o militar morto; Prensa e galguismo; Foto-xoc e Xornalismo en crise; Linguas mortas, Porta blindada...



*... coma se nada se tivera pasado
neses anos escuros.*

Margarita Ledo

Margarita Ledo

Fielato, 4

Alguén, ao regresar dun campo de concentración atopa á súa nai cando entra na casa e a súa nai dille: eu xa comín. Coma se nada se tivera pasado. O modo de matar todo ese tempo. O modo de recuperar o tempo todo despois de tanto tempo.

(escoiteillo ao Theo Angelopoulos, director)

Xavier Santiago

Nasceu en Ourense en 1963, é licenciado en Filoloxía Hispánica pola Universidade de Santiago de Compostel e en Filoloxía Galego-portuguesa pola Universidade da Coruña (na súa primeira e case derradeira promoción). como poeta, participou no II Ciclo de Novos Poetas Coruñeses, organizado pola Asociación Cultural Edral-O Facho no ano 1986. En 1994 publicou o poemario *Derrapa e cai na colección Leliadoura*, da editorial Sotelo Blanco.



...é cousa de todos os días.

Xavier Santiago

Xavier Santiago

É cousa de todos os días

*Sempre con ela na boca,
non precisa de pérolas nin de ourives
se é cousa de todos.*

*Todos os días ferramenta
para estarmos no mundo.
Pensa algo que non podas facer
e baixa da nube.
É útil.
É nosa.*

*Non precisamos pagar grandes intereses
por usar outra.*

Orfeo Blues

Hai catro meses ela estaba aquí
pedía esmola en troques das miñas cancións
e eu era feliz por vela sorrir
a pesar de todo

E Deus tiña envexa pois era para mim
o máis preciado da creación
mandou uns anxos en chupa de coiro
para quitarma

No gume dunha navalla levárona perante el
deixáronme tirado no medio da rúa
recibín a noticia na voz fría da policía
ninguén choraba

E de entón ando sen saber que facer
a quen cantar con quen vivir
nunha sobredose de amarga tristura
ireina buscar

3.-

E chegou onde nós
aquele vizoso soño
de terra verde
e ceo pálido.

Un sol saía tras as montañas
e ollaba envexo
a luz das farolas;
as casas estiraban as súas trabes
espertando co seu barullo as rúas
e o porto estendía os seus peiraos
acubillando os barcos no seu colo
con arrolos mimoseiros.

Lembramos que estamos lonxe,
espertos por unha lúa de xeo;
as casas querquenáronse tremendo
e no ceo os reonseis de lardo dos avións cortan o acougo

Maria Xosé Queizán

Naceu en Vigo o 5 de febreiro de 1939.

Licenciada en Filoloxía Hispánica, subsección de Filoloxía Galego-Portuguesa. É coordinadora da revista feminista "Festa da Palabra Silenciada".

Ten publicado un gran número de novelas, contos, ensaios, teatro...

Da súa obra poética podemos destacar: Matáfora da metáfora, Despertar das amantes e Fora de mim.



*Cando nos digamos Galiza e lingua
estaremos no camiño da
normalización.*

Maria Xosé Queizán

O caduco

*¡Déixenme sair da trama da saudade
tecida polos románticos sociais
polos padres da patria
que me perden no bosco primixenio
poboado de celtas barudos
provocadores da nostalxia
da forza que perdimos
do que pudo ter sido e non foi...*

*¡ Déixenme escapar do árdelle o eixo
carballeira trasnoitada
irmandiños pendurados nas ponlas do fracaso
dos dous de sempre
emigrantes que veñen a morrer a terra
cando van van como rosas
vítimas boas só por víctimas
e deus nos libre dun xa foi.*

*¡ Deixenme librar dunha noite no muíño
das gaitas que choran na romaría fraguista
das verrugas de san benitiño
como chove miudiño
da memoria dun neno galego
de nós os inadaptados, de nós, nós, nós !
de nin vou alá nin fago falta
das augas pasadas que non moven futuro.*

*¡ Déixenme destetar da galicia terra nai
do leite da inocencia histórica
que non redime
da espada escalibor
do regusto do desastre
de non enterran morte que enterran semente
da galeguía doce e abnegada
dos bos e xenerosos.*

¡ Déixenme enamorar cando vella !

A Ponte

Alí están os teus, dixerón
vai onde eles
so tes que elevar unha ponte.

fixen a ponte
e fun
pero á final non había ningúén.

Chamei pola riada
polas aguas alzadas pola ira
para arruinar a ponte fronteira do desarraigado
raiana do rencor.
¡ Alá foi !

Fixen unha nova ponte sobre os ríos das conciencias
unha ponte que transgreda os límites
a distancia do tempo e do espacio
e me leve onda ti e máis ti e alén ti
e te traia e te faga chegar.

Ponte sen horizonte
ponte sen abismo
ponte sen prexuicios.


Por ela chegaredes da diáspora
dos puntos cardinais.
Co vento xitano nos sorrisos da mudanza
fardos de fantasía
de outras existencias
para acabar coa rotina.

Agardo á final da ponte sen distancias
para romper os confins
como unha copa de celebración.

Xaquín Agulla Pizcueta

Xaquín Agulla Pizcueta é un home renacentista, polifacético, que gusta de impartir clases de química, de estilística literaria, de filosofía. Pintor, maquetista de artes gráficas, alcanzando os seus maiores logros ámeto literario por terle adicado moito dos seus anos mozos da súa vida.

O seu primeiro libro de poemas publicou-se en 1981: *Cántigo*. apartir de entones son numerosos as obras de todos os géneros literarios que ten publicado, poden-se salientar: *Ensoños de Breila*, *Aquí fican melodías*, *Palabras mayores*, *Era unha vez o mundo do envés* (premio Teatro infantil de Xove), *A Caeira*, *O devalar das horas*, *A viaxe alucinante de Peter o cosmonauta*, *A historia da buguina....*



*Era unha vez un povo debruzado no mar,
onde vivían unhas xentes que falaban
unha linguaxe extraña*

Xaquín Agulla Pizcueta

Erase unha vez un povo

Aviso para navegantes:
Calquera semellanza coa realidade
é pura coincidencia.

Na memoria de Cibreiro

Era unha vez un povo debruzado no mar, onde vivían unhas xentes que falaban unha lingua extraña, ¡na patela!, ¡metíntelle un polvo!, ¡chamote antes de que me chames! Era unha vez un povo cunha tasa de fracaso escolar de máis do sesenta por cento, cunhas condicións hixiénicas que deriban nunha alta tasa de tuberculose, de enfermedades víricas tercermundistas.

